

DICIONARIO

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Antioquía (1)

Foto: O que queda da Lagoa de Antela

"Dos pobos da parróquia é iste (Cardeita) o que s'alcontra máis cerca da Veiga e por eso teñen feito os vellos do pobo unhas escavaciós en busca d'aberes; pois dise que antiguamente había n'a Veiga unha ciudá (Antioquía) que tuvo Dios que castigala porque vindo por'o mundo pidindo unha limosna non alcontrou máis que unha familia que lla dira, que foi a que se salvou do alago mandada sair por Dios sin que volveran a cabeza pr'atrás; pero un da familia desacatou a orden do Noso Señor entonces volveuse pedra. Pero cando a xente iba co gando pr'a Veiga íballes verrecar ond'a pedra, que despóis foi recollida por'o convento de Trandeiras. Os de Cardeita alcontraron n'esas escavaciós unha trabe, un pote vello, un pozo co n escaleiras e non sei si outras cousas. Os autuales non dan razón de tales alcontros, sólo dín "contaban os vellos".


SANTANA, Urbano; Resume xeneral de folk-lore de Sandiás, Revista Nós, xuño-setembro, 1931

[Texto remitido por [Xavier Feixoo](#)

, de Sandiás (Ourense)]

NOTA

A lagoa de Antela foi un dos humedais de maior extensión da Península Ibérica, con sete quilómetros de longo e seis quilómetros de ancho, aínda que dependendo da época do ano, variaban estas dimensións, así como a súa profundidade que rondaba, de media, os 0,60 metros e nalgúns "pozos" chegaba ata os tres metros.



COMENTARIOS ENVIADOS

A lenda conta que fai moitos anos no lugar que hoxe ocupa esta lagoa houbo unha cidade chamada Antioquía, coñecida porque os seus veciños carecían de calquera mostra de caridade.

A lenda narra que Deus quixo castigalos pero Xesús propuxo redimir ós máis xustos baixando á cidade en forma de mendigo. Percorreu así tódalas casas pedindo esmola sen que ninguén se apiadase del. Xa de volta, aflixido, e mentres estaba cruzando unha carballeira, viu unha casa habitada por unha muller anciá á que tamén lle pediu esmola. A muller ofreceulle unha cunca de leite e un anaco de pan e tamén abeiro para pasa-la noite.

Á mañá seguinte Xesús amosoulle á anciá o que fora da cidade de Antioquía. A muller quedou sorprendida ó ver que a cidade desaparecera e que no seu lugar había unha lagoa. Ninguén se salvara, agás ela...

E din que nas mañanciñas de San Xoán, co primeiro raio de sol, aínda se pode ver no fondo o campanario da igrexa. E na Noiteboa, ás doce en punto, óese o canto dos galos....eso din

Enviado por Deianir o 08/05/2008 ás 21:12:53